

Encontros para a Normalización Lingüística. — O Centro de Documentación Sociolingüística de Galicia do Consello da Cultura Galega organizou en Santiago de Compostela os días 20, 21 e 22 de xaneiro de 2005 os VIII Encontros para a Normalización Lingüística, e os IX Encontros os días 20 e 21 de outubro do 2005.

Estes Encontros, que desde a súa creación son unha referencia anual para analizar a política lingüística galega, na última edición tiveron como complemento das conferencias e relatorios unha mostra de ideas *Proxecta*, na que 22 entidades públicas e privadas expuxeron e fixeron demostración de ideas, proxectos de traballos para mostrar a vitalidade da lingua galega e asúa entrada na modernidade. [F. F. R.]